



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

Expediente: 69/142

Atendendo á solicitude realizada pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria municipal, emítese o presente informe de impacto de xénero sobre o anteproxecto de orzamentos do programa orzamentario: 2311 – Igualdade de xénero- para o futuro exercicio 2021.

INTRODUCCIÓN

A) AS POLÍTICAS DE IGUALDADE MUNICIPAIS. TRAXECTORIA DO CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo ven desenvolvendo nas últimas décadas políticas favorecedoras da igualdade entre mulleres e homes, a través da creación dunha rede de servizos e programas específicos, que foron ampliándose e consolidándose cos diferentes gobernos municipais. Desde a creación dun departamento da muller, a igualdade entre mulleres e homes foi configurándose como unha área cada vez con maior prioridade para o goberno, contando na actualidade cunha concellería propia e un orzamento propio: actualmente denominada Concellería de Igualdade, que desde a última lexislatura se enmarca dentro da área de Igualdade e Normalización Lingüística.

Cabe salientar o recoñecemento que ten o labor desenvolvido por esta Concellería e que se materializa na concesión de dous Premios Nacionais, no Concurso de Boas Prácticas Locais contra a violencia de xénero, convocado pola Delegación do Goberno para a violencia de xénero en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias:

- No ano 2013, como recoñecemento ao Programa “Enlaza Vigo”, que se ven realizando anualmente con motivo da conmemoración do 25 de novembro, *Día Internacional contra a Violencia de Xénero*.
- No ano 2017, como recoñecemento á “Rede municipal de información e atención a vítimas de violencia de xénero no Concello de Vigo”, integrada polos servizos municipais de acollemento, atención e intervención coas vítimas de violencia de xénero que se detallan neste informe.

Entre as liñas de actuación desta concellería destacamos as seguintes:

I) Os Plans de Igualdade municipais e contra a violencia de xénero. Elaboración, execución e avaliación continua e final dos seguintes plans ao longo da traxectoria desta área:

- I Plan de Igualdade de oportunidades para as Mulleres de Vigo. 1993-1997



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

- II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidade e de trato das Mulleres de Vigo. 2003-2004.
- I Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres 2000-2003
- II Plan de Acción Municipal para combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007
- III Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes 2005-2007
- IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Vigo 2009-2012 (Plan actualmente en vigor por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión de data 25.01.2013 na que se acorda “*prorrogar a vixencia do IV Plan de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo, aprobado pola Corporación municipal o 25 de novembro de 2009 para o período 2009/2012, ata que finalice o proceso de avaliación do mesmo e o proceso de elaboración dun novo Plan Municipal de Igualdade*”. Acordo ratificado polo Pleno do Concello en sesión do 25.02.2013).
- Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo (en fase de elaboración). Mediante Resolución do día 19 de xullo de 2016, o Alcalde do Concello de Vigo aproba o compromiso desta administración local de establecer políticas que integren a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, sen discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da nosa organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da mesma, de acordo coa definición de dito principio que establece a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Para levar á práctica estes principios enunciados, asúmese a obriga de elaborar plans de igualdade para as persoas traballadoras do sector público. Esta obriga está recollida tanto na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes que afecta directamente á Administración Xeral do Estado e os seus Organismos Públicos; como na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregada/o Público (en adiante o EBEP), que implica a todas as Administracións Públicas.

Os compromisos adquiridos polo Concello de Vigo nesta Resolución son os seguintes:

Esta Administración local comprométese:



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

1º A desenvolver as medidas de igualdade en todos e cada un dos ámbitos nos que se desenvolva a súa actividade, asumindo o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, atendendo de forma especial á discriminación indirecta.

2º A integrar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na organización como principio básico e transversal.

3º A incluír este principio nos obxectivos da política da organización e, particularmente, na política de xestión de recursos humanos.

4º A facilitar os recursos necesarios, tanto materiais como humanos, para a elaboración do diagnóstico, definición e implementación do Plan de Igualdade e a inclusión da igualdade na negociación colectiva.

5º Deste principio de igualdade tamén farase partícipe a todas as empresas prestadoras e/ou concesionarias dos servizos públicos coas que esta Administración mantén relacións.

6º O plan de igualdade atenderá, entre outras, as materias sinaladas no artigo 46.2 da Lei 3/2007 de acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción e formación, retribucións, ordenación do tempo de traballo para favorecer, en termos de igualdade entre mulleres e homes, a conciliación laboral, persoal e familiar, e a prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo. Así como respectará os criterios de actuación que se establecen no artigo 51 para as Administracións Públicas, segundo o cal, estas no ámbito das súas competencias, removerán os obstáculos que impliquen calquera tipo de discriminación, facilitarán a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, fomentarán a formación en igualdade, promoverán a presenza equilibrada de homes e mulleres nos órganos de selección e valoración, establecerán medidas de protección fronte a situacións de acoso sexual, establecerán medidas para eliminar discriminacións retributivas por razón de sexo e avaliarán a efectividade do principio de igualdade.

7º Para todo isto deseñaranse actuacións que supoñan melloras respecto á situación presente, arbitrándose os correspondentes sistemas de avaliación e seguimento, coa finalidade de avanzar na consecución da igualdade real entre mulleres e homes na entidade e, por extensión, no conxunto da sociedade.

8º Para levar a cabo este propósito contarase coa representación legal de traballadores e traballadoras (RLT), tal e como establece a Lei Orgánica 3/2007 para a Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes e o art. 11 da Lei 2/2007 de 28 de marzo do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia.

A Mesa Xeral de Negociación Colectiva de data 09.04.2019 acorda a constitución da Mesa Sectorial para a Negociación do Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo.



ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

Mediante Decreto de data 04.09.2019, o Alcalde do Concello de Vigo resolve a conformidade da proposta de nomeamento dos e das representantes do Goberno Municipal do Concello de Vigo na Mesa Sectorial do Plan de Igualdade e a dita Mesa constituíuse na reunión do día 07.10.2019. Mediante Decreto da Alcaldía de data 04/02/2020, apróbase a modificación da representación do Goberno Municipal do Concello de Vigo na Mesa Sectorial do Plan de Igualdade.


Actualmente, este Plan atópase na fase de negociación. Ata o momento tiveron lugar seis sesións da Mesa Sectorial, se ben é preciso continuar cos traballos e sesións que permitan valorar as propostas presentadas, a negociación do contido do Plan e a planificación específica deste para rematar coa aprobación do documento final do Plan de Igualdade a través do acordo da Mesa.

II) Servizos, programas e recursos específicos de prevención e tratamento da violencia de xénero e de acollida, atención e intervención coas súas vítimas:

- Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres. (CMIDM)
- Programa de atención psicolóxica a menores, fillos/as de mulleres vítimas da violencia de xénero usuarias do Centro de Información.
- Programa de axudas económicas municipais para vítimas de violencia de xénero
- Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero.
- Rede municipal de vivendas de protección a mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas.

III) Servizos, programas e recursos dirixidos a combater a discriminación contra das mulleres, e a promover a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres:

- Avaliación das políticas de igualdade: mediante o impulso dos distintos plans de igualdade e a elaboración de informes de impacto de xénero.
- Fomento da participación e do empoderamento das mulleres, apoiando o seu asociacionismo:
 - Coordinación e impulso do Consello da Muller.
 - Xestión e dinamización da Casa das Mulleres, lugar de encontro e dinamización dos colectivos de mulleres e do movemento feminista, así como de programación de actividades municipais.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:51	Páxina 4 de 46
	Expediente 69/142	CSV: 2BE78F-45EB58-2D8B8C-29U75W-KGM7KR-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

- Trámite de subvencións a entidades para a realización de proxectos relacionados co fomento da igualdade.
- Promoción da participación feminina no ámbito do deporte, mediante a convocatoria dunha liña de subvencións a entidades deportivas dirixidas a fomentar o deporte feminino.
- Recepción, canalización e trámite de queixas e suxestións da cidadanía sobre a igualdade de xénero a través do Observatorio Municipal de Xénero.
- Favorecer a conciliación familiar e facilitar a incorporación laboral, formación e disposición de tempo de lecer ás mulleres da cidade, mediante o coidado dos seus fillos e fillas a través do Servizo municipal de Atención Domiciliaria á Infancia.
- Oferta dun servizo de xestión da información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade, mediante a xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas.

IV) Programas e recursos para a sensibilización, formación e promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero:

- Elaboración e difusión de materiais e recursos dirixidos a formar, informar e concienciar sobre a igualdade de oportunidades, a perspectiva de xénero e a prevención e o tratamento da violencia de xénero, dirixidos á cidadanía.
- Xestión de programas dirixidos á comunidade escolar de cara a promover e fomentar a cultura da igualdade entre as novas xeracións, así como a previr a violencia de xénero: “Camiña con nós pola igualdade”, “Enlaza Vigo”, obradoiros en institutos e demais centros de ensino secundario, etc.



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
 IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
 PARA O EXERCICIO 2021**


B) METODOLOXÍA

Para a realización desta análise, tómase en conta a metodoloxía proposta na “Guía metodolóxica para a elaboración da memoria de análise normativa”, publicado o 11 de decembro de 2009 polo Consello de Ministras/os, conforme o establecido no Real Decreto 931/2017, de 27 de outubro, polo que se regula a memoria da análise de impacto normativo; así como “Estratexias para a integración da perspectiva de xénero nos presupostos públicos” publicado polo Instituto da Muller. Iranse analizando cada un dos programas desenvolvidos por esta Concellería, seguindo os seguintes criterios:

1º Clasificación dos programas segundo o impacto directo ou indirecto que causen:¹

- **Impacto directo:** aqueles programas que teñen por finalidade a igualdade de oportunidades e/ou inciden directa e fundamentalmente nas mulleres. Trátase de intervencións que contribúen a modificar as causas e os efectos da desigualdade de xénero, e que se poden clasificar nos seguintes grupos:
 - Focalizado en mulleres: Programas ou medidas dirixidas a mulleres, orientadas a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos
 - Corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida: intervencións que involucren a homes e mulleres, e que xeren condicións materias e culturais para unha mellor distribución do traballo doméstico e reprodutivo.
 - Cultura de Igualdade: intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero. Tamén as accións destinadas a xerar cambios na xestión pública municipal que dean o soporte necesario ás políticas de igualdade.
- **Impacto indirecto:** os que non están orientados especificamente cara as mulleres pero causan un impacto diferenciado en ambos sexos. A igualdade de xénero non é o seu obxectivo principal, pero no seu deseño e implementación tense en conta o efecto potencial desta, a través da aplicacións dos seguintes criterios:
 - Cóntase cun diagnóstico das brechas de xénero existentes no sector no que se intervén.

¹ Proposta adaptada de Zabalaga (2013): *Categorías para a análise e a orientación da inversión pública en igualdade de xénero*. ONU MUJERES. Estas definicións foron tomadas do *Instrutivo para a incorporación de enfoque de xénero no presuposto 2017* elaborado polo Ayuntamiento de Castellón.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:51	Páxina 6 de 46
	Expediente 69/142	CSV: 2BE78F-45EB58-2D8B8C-29U75W-KGM7KR-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

- Establécense medidas para garantir un acceso equitativo ás persoas que se benefician directamente dos bens e servizos prestados.
- No deseño e implementación tómanse en conta as necesidades de homes e mulleres de forma diferenciada.
- Tómase en conta o potencial impacto dos bens e servizos na carga de traballo non remunerado e o uso do tempo de homes e mulleres.
- Inclúense medidas para promover a igualdade de oportunidades o acceso ao emprego que se espera xerar a través da intervención.
- Impacto non identificable: gastos de tipo administrativo, destinados ao mantemento do servizo interno, ou esenciais para o seu mantemento. Considérase que o impacto, coa información da que se dispón, non pode ser identificado.

2º Persoas destinatarias ou beneficiarias destes programas, desagregado por sexo: para estimar cantas persoas poden ser beneficiarias destes programas para o período 2021, tomáronse en conta os datos desagregados en función do sexo relativos ao ano 2019, por tratarse do último exercicio pechado e polo tanto podemos analizar os datos nun período anual. Non obstante, para os programas que na data de elaboración do informe estiveran totalmente executados, tomouse como referencia os datos do ano 2020, por ser a referencia máis actual. Hai que ter en conta que, debido á situación da crise sanitaria provocada pola COVID-19, e a adopción de medidas dirixidas a previr o seu contaxio, este ano 2020 o número de persoas beneficiarias dalgúns dos programas da Concellería están véndose afectados. É previsible, ademais, que esta situación de crise sanitaria se alongue durante o ano 2021, e polo tanto as estimacións que se fagan para o vindeiro exercicio poidan sufrir variacións.

3º Persoal responsable asignado aos programas, desagregado por sexo.

4º Total presupostado de cada un dos programas: o gasto indicado en cada programa/servizo/actividade é o que está previsto nas correspondentes partidas orzamentarias do anteproxecto do orzamento da Entidade Local de 2021, na data de emisión deste informe.

5º Obxectivos que se propón. Débese estimar, ademais dos propios obxectivos do programa, se existe traballo non remunerado encuberto provocado pola posta en marcha do programa e valorar os efectos sobre o tempo dispoñible das mulleres e dos homes.

6º Detección de usos sexistas na linguaxe. Cabe recordar que o Concello de Vigo publicou unha guía para o uso dunha linguaxe non sexista “A linguaxe fainos iguais”, que se pode consultar na páxina web da propia Concellería: www.igualdadevigo.org.



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

A CONCELLERÍA DE IGUALDADE

Cómpre dicir que a totalidade dos programas desenvolvidos pola Concellería de Igualdade teñen un impacto de xénero positivo directo e explícito por ter a finalidade de promover a igualdade de oportunidades, remover a discriminación e/ ou fomentar a participación das mulleres.

- Algúns destes programas focalízanse só en mulleres, e están orientados a pechar as brechas de desigualdade e promover a súa autonomía e exercicio dos seus dereitos en igualdade de oportunidades. Algúns exemplos son: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia para Vítimas de Violencia de Xénero, Rede Municipal de Vivendas, Servizo Municipal de Atención á Infancia, etc.

- Outros programas pretenden involucrar a homes e mulleres co obxecto de xerar condicións materiais e culturais para unha mellor distribución do traballo doméstico e reprodutivo, ou programas de corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida. Exemplos: campañas de sensibilización e concienciación cidadá para o fomento da corresponsabilidade doméstica e familiar e goce do tempo libre.

- Por último, outros programas e servizos teñen por obxecto fomentar e promover entre a cidadanía a cultura de igualdade e remover os obstáculos aínda existentes para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria para todas e todos: intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero; accións destinadas a xerar cambios na xestión pública municipal que dean o soporte necesario ás políticas de igualdade; así como accións de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero, de tal xeito que se fomente o rexeitamento dos agresores e o apoio ás vítimas. Exemplos: campañas de sensibilización e concienciación social (“8 de marzo”, “25 de novembro”, “Campaña municipal para favorecer o uso non sexista de xogos e xoguetes”, programas de información e formación para a mocidade e centros de ensino da cidade (“Camiña con nós pola igualdade”, “EnlazaVigo contra a violencia de xénero”, “Xornadas coeducativas”, etc.)

- Tamén se especifican algunhas tarefas auxiliares que complementan os distintos programas mencionados, e que dispoñen de partidas orzamentarias concretas, tales como servizos de mensaxería, reparación e mantemento dos servizos adscritos á Concellería de Igualdade.



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
 IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
 PARA O EXERCICIO 2021**

No anteproxecto do orzamento para o programa “Igualdade de Xénero” para o exercicio 2021 (Programa 2311) consta un crédito de 1.254.583,24 €, desglosado do seguinte xeito:

- Cap.1 Gastos de Persoal: 411.887,44 €
- Cap. 2. Gastos correntes en bens e servizos: 415.177,16 €
- Cap. 4 Transferencias correntes: 427.518,64 €

CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

Partidas: 1200000;1200100;1200300;1200400;1200600;1210000;1210001:1210003;1210004;1210100;1210101;1210103;1210104;1600000;1620000

Crédito previsto no anteproxecto de orzamentos: 411.887,44 €

- Persoal:**
- 1 xefa de departamento
 - 1 axente de igualdade de oportunidades
 - 1 Administrativa
 - 2 auxiliares administrativas
 - 1 asesora xurídica
 - 1 psicóloga
 - 1 traballadora social

As funcións e tarefas da totalidade do persoal municipal están dirixidas, entre outras, a planificar, desenvolver, executar, coordinar e avaliar os programas e servizos de atención directa a mulleres en situación de vulnerabilidade, ao fomento da igualdade entre mulleres e homes, á prevención da violencia de xénero, a promover o empoderamento do colectivo de mulleres, etc.

Co crédito das partidas de gastos antes descritas desenvólvense os seguintes programas/servizo:

- **A OFICINA DE IGUALDADE**
- **Impacto:** directo positivo. Medidas focalizadas en mulleres, medidas que fomentan a corresponsabilidade social e pública para o coidado e sustentabilidade da vida, e medidas dirixidas a fomentar unha cultura de igualdade.
- **Descrición:** servizo municipal que xestiona a programación da concellería, avalía as políticas de igualdade e fomenta a participación das mulleres en todos os ámbitos apoiando o seu asociacionismo.

Coordinación dos servizos e programas:

- Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres
- Rede de vivendas de protección
- Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia
- Casa das Mulleres
- Centro de Documentación e Recursos Feministas




ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

- Programas conveniados con outras entidades: Centro de Emerxencia para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero (CEMVI) e convenio coa Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos.
- Realización e apoio a programas que promoven a igualdade:
 - Avaliación de políticas de igualdade
 - Apoio do asociacionismo e fomento da participación das mulleres
 - Observatorio Municipal de Xénero
- Programas e recursos para a sensibilización, formación e promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero:
 - Elaboración e desenvolvemento de campañas de sensibilización
 - Programas dirixidos á comunidade escolar
- **Persoas destinatarias:** a totalidade da poboación
- **Total persoal asignado ao servizo:**
 - Municipal: xefa de servizo, axente de igualdade de oportunidades, administrativa, auxiliar administrativa.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.
 - **CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER**

Servizo municipal de información e asesoramento ás mulleres adscrito á Concellería de Igualdade, no que se promove unha intervención multidisciplinar e integral dende unha perspectiva de xénero, desenvolvendo ao mesmo tempo programas específicos de apoio e atención ás vítimas da violencia. Ofrece tamén información telefónica e asesoramento xurídico *online*.

- **Impacto:** directo positivo. Medidas focalizas en mulleres
- **Descrición:** servizo de información, orientación, asesoramento específico e integral e multidisciplinar a mulleres, en especial a vítimas de violencia de xénero. A atención comprende asesoramento xurídico, psicolóxico e social.
- **Obxectivos:** atención directa a mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas dependentes delas.
- **Estimación de persoas destinatarias no futuro exercicio 2021:** durante o ano 2019 (último exercicio pechado), atendéronse 1.057 mulleres que xeraron 4.308 visitas ás profesionais, e 7.005 consultas:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:51	Páxina 10 de 46
	Expediente 69/142	CSV: 2BE78F-45EB58-2D8B8C-29U75W-KGM7KR-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
 IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
 PARA O EXERCICIO 2021**

- o coa administrativa: 386 (5,51 %)
- o coa avogada: 2.445 (34,90 %)
- o coa traballadora social: 2.820 (40,25 %)
- o coa psicóloga: 1.354 (19,32 %)

Prevese un número aproximado de beneficiarias similar para o ano 2021.

- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - o Municipal: asesora xurídica, traballadora social, psicóloga e auxiliar administrativa, baixo a coordinación da xefa de departamento.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.


En base ao dito neste apartado, a totalidade do orzamento destinado ao Cap. 1 da área de Igualdade para o exercicio 2021 terá un impacto de xénero directo positivo.

CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

Crédito previsto no anteproxecto de orzamentos: 415.177,16 €

A práctica totalidade (97 %) do orzamento destinado ao Cap.2 da área de Igualdade para o exercicio 2021 terá un impacto de xénero directo positivo, dado que este orzamento corresponde a xestión de programas, actividades e servizos dirixidos a promover a igualdade de oportunidades e a remover a discriminación e/ ou fomentar a participación das mulleres. Non obstante, tamén se inclúen dentro deste orzamento as partidas de gasto correspondentes a sufragar as tarefas auxiliares como transporte e mensaxería, mantemento e reparacións dos servizos, etc. Malia non ter unha finalidade directa de promoción da igualdade de xénero, si van dirixidos a mellorar os recursos e servizos dirixidos a este propósito, e por tanto podemos considerar que esta parte do orzamento terá un impacto de xénero indirecto, e que supón aproximadamente o 3 % do capítulo.

A continuación descríbense os programas máis destacados que xestiona este servizo municipal así como os datos da experiencia pasada que avalan a continuidade dos mesmos no futuro exercicio:

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:51	Páxina 11 de 46
	Expediente 69/142	CSV: 2BE78F-45EB58-2D8B8C-29U75W-KGM7KR-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021

SERVIZOS, PROGRAMAS E RECURSOS ESPECÍFICOS DE PREVENCIÓN, ATENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- **Programa de atención psicolóxica a menores vítimas da violencia de xénero**
- **Impacto:** directo positivo. Medida focalizada en mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos menores.
- **Descrición:** ofrece apoio psicolóxico a menores de idade, fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero a través de sesións individuais cunha psicóloga especializada na materia.
- **Obxectivos:** minimizar o impacto psicolóxico que produce este tipo de violencia sobre os/as menores. Finalidade asistencial, psicoeducativa e preventiva.
- **Estimación de persoas beneficiarias no ano 2021:** durante o ano 2019 (último exercicio pechado) atendéronse 75 menores: 28 nenas e 47 nenos. Ademais, foron beneficiarias 63 mulleres vítimas de violencia de xénero, nais dos e das menores atendidas. Estímase unha cifra similar para o exercicio 2021.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 14.648,40 €
- **Partida de gasto:** “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: accédese mediante derivación das técnicas municipais do Centro de Información dos Dereitos da Muller coa supervisión da xefa do departamento.
 - Externo: xestionado por entidade adxudicataria dun contrato de servizos mediante concurso público.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.
 - **Rede municipal de vivendas de protección a mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas**
- **Impacto:** directo. Medida focalizada en mulleres vítimas de violencia de xénero e fillas e fillos delas dependentes.
- **Descrición:** esta rede está integrada por 3 vivendas de propiedade municipal que están recoñecidas pola Xunta de Galicia como centros de servizos sociais, e que teñen a finalidade de ceder temporalmente o uso da vivenda a mulleres vítimas de violencia de



ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

xénero e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadía é temporal e, durante ese período, ofrécese ás mulleres o apoio profesional que contribúa a que as mulleres beneficiarias consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia. Duración da estancia: 6 meses/1 ano.

- **Obxectivos:** ofrecer ás mulleres un recurso de aloxamento temporal, así como o apoio profesional que contribúa a que as mulleres beneficiarias consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia.
- **Estimación de persoas destinatarias no ano 2021:** durante o ano 2019 (último exercicio pechado) acolléronse na rede de vivendas municipais a 3 unidades familiares; (3 mulleres e 4 menores), se ben foron usuarias durante o ano ata 6 unidades familiares (6 mulleres e 7 menores, 5 nenas e 2 nenas).
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 37.437,87€
- **Partida de gasto:** “Plan municipal de igualdade” 2311 2279906 (34.737,87 €); “Suministros CMIDM e dto. Muller casa das mulleres” 2311 2219900 (2.700 €).
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: accédese mediante derivación das técnicas do CMIDM, e coa supervisión da xefa do departamento. A cesión da vivenda é aprobada pola Xunta de Goberno Local, a proposta dos servizos municipais especializados de atención ás vítimas de violencia de xénero.
 - Externo: contrato de servizos adxudicado a unha entidade mediante procedemento aberto para a intervención coas unidades familiares, e contratos de suministros con entidades especializadas.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:51	Páxina 13 de 46
Expediente 69/142	CSV: 2BE78F-45EB58-2D8B8C-29U75W-KGM7KR-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

SERVIZOS E PROGRAMAS DIRIXIDOS A COMBATER A DISCRIMINACIÓN CONTRA AS MULLERES E PROMOVER A IGUALDADE REAL E EFECTIVA ENTRE HOMES E MULLERES

- **Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia. SADI**
- **Impacto:** directo. Medidas dirixidas a mulleres para favorecer o exercicio dos seus dereitos no ámbito da conciliación familiar co coidado dos seus fillos e fillas e facilitar a súa incorporación laboral, formación e tempo de lecer.
- **Descrición:** servizo de atención e coidado persoal das nenas e dos nenos que quedarían sós en ausencia da súa nai, titora ou persoas responsables. O servizo faise con carácter xeral na casa da beneficiaria, dende a hora solicitada ata que a usuaria regrese, hora que estará previamente estipulada. A duración máxima da atención é de 4 horas, de luns a venres entre as 7:00 e as 23:00h.
- **Obxectivos:** harmonización da vida laboral profesional e persoal das mulleres, en especial das mulleres vítimas de violencia, favorecer a incorporación da muller ao emprego; fomentar a formación académica e ocupacional das mulleres; potenciar e facilitar a participación das mulleres nas actividades do asociacionismo; acadar tempo propio e persoal, específico para cada muller.
- **Estimación de beneficiarias no ano 2021:** (tómase de referencia as atendidas no ano 2019, último exercicio pechado, para estimar que a atención no 2021 será similar):
 - Prestouse o servizo a 73 mulleres e a un total de 97 menores: 50 nenas e 47 nenos.
 - Prestáronse un total de 3.715 servizos.
 - O número de horas prestadas foi de 9.838,75.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 180.195,16 €
- **Partida de gasto:** “Sadi. Kanguros” 2311 2279902
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: accédese a través da valoración da traballadora social do centro de Información dos Dereitos da Muller, coa supervisión da xefa de departamento e apoio técnico e administrativo do persoal da oficina de igualdade e do CMIDM.
 - Externo: o programa desenvólvese a través dunha contratación externa coa entidade adxudicataria do concurso público.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

- **A Casa das Mulleres**
- **Impacto:** directo. Medidas focalizadas en mulleres.
- **Descrición:** Servizo que desde o ano 2003 está destinado ao uso de todas as asociacións de mulleres de Vigo. Trátase dun espazo que da cabida aos proxectos do asociacionismo feminino local, é a sede e lugar de encontro de diversas asociacións de mulleres, onde se levan a cabo xuntanzas, intercambios, exposicións, relatorios, etc. funcionando como espazo de encontro e debate en torno ao xénero e a igualdade. Tamén ofrece acceso gratuíto a internet e prensa. Ademais, o Servizo de Igualdade desenvolve na Casa das Mulleres unha serie de actividades e obradoiros formativos dirixidos a mulleres, así como cursos en torno ao xénero e igualdade de oportunidades dirixidos a toda a poboación.
- **Obxectivos:**
 - Dinamización dos colectivos e asociacións de mulleres usuarias do servizo.
 - Fomento da participación social das mulleres usuarias do servizo.
- **Estimación de beneficiarias no 2021:** en base ás persoas participantes no ano 2019, estímase unha participación similar, aínda que esta estimación da participación pode verse afectada pola situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19, e as medidas de prevención dos contaxios que é preciso adoptar. A participación foi a seguinte:
 - 850 atencións persoais a mulleres
 - 3.603 participantes nas actividades das que 3.516 foron mulleres e 87 homes.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 32.548,76 €.
- **Partidas de gasto:** “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 2279910 (24.700 €) e “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 (7.848,76 €)
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: persoal técnico e administrativo do servizo de igualdade.
 - Externo: contrato maior de servizos adjudicado mediante procedemento aberto para a xestión e dinamización do centro.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao programa integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
 IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
 PARA O EXERCICIO 2021**

- **Centro de Documentación e Recursos Feministas**
- **Impacto:** directo. Medidas focalizadas en mulleres.
- **Descrición:** Servizo de xestión de información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas. Ofrece atención directa, consulta de documentación en sala, préstamo a domicilio, asesoramento documental. Tamén ofrece programación para dinamizar o espazo: videoforum, presentación de libros, faladoiros, esas redondas, cafés literarios, etc. O fondo documental está composto por máis de 10.400 referencias, máis de 100 títulos de publicacións periódicas, material audiovisual, folletos, carteis, etc. Periodicamente, realízanse adquisicións para a actualización e incremento do fondo bibliográfico e documental do centro.
- **Obxectivos:**
 - Visibilizar as achegas das mulleres á sociedade.
 - Ser un lugar de encontro e de intercambio de información e experiencias.
 - Conservar, difundir e potenciar un fondo bibliográfico especializado no eido da igualdade e pensamento feminista.
 - Visibilizar e potenciar a creación literaria de mulleres.
 - Reunir e conservar documentación e materiais elaborados pola administración pública municipal no eido da Igualdade así como polo Movemento Feminista .
 - Dinamizar e fomentar a cultura da Igualdade entre a cidadanía.
- **Estimación de persoas destinatarias no ano 2021:** en base ás persoas participantes no ano 2019 (último exercicio pechado), estímase unha participación similar: 1.160 participantes nas actividades (presentación de libros, faladoiros, esas redondas, cafés literarios...), das que o 86 % foron mulleres e o 15% homes. Hai que ter en conta que esta estimación da participación pode verse afectada pola situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19, e as medidas de prevención dos contaxios que é preciso adoptar.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 30.164,50 €. Desta contía, 27.764,50 € é importe do contrato maior adxudicado para a xestión deste servizo. Ademais, 2.400 € para adquisición de materiais, que é o importe contido no lote correspondente á Concellería de Igualdade, do contrato maior para a adquisición de libros e publicacións que se atopa en proceso de licitación na data de elaboración deste informe.
- **Partidas de gasto:** 28.664,50 € “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906; 1.500€ “adquisición libros e revistas” 2311 2200100



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:51	Páxina 16 de 46
Expediente 69/142	CSV: 2BE78F-45EB58-2D8B8C-29U75W-KGM7KR-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: persoal técnico e administrativo do servizo de igualdade.
 - Externo: contrato maior de servizos adxudicado mediante procedemento aberto para a xestión e dinamización do centro; contrato de subministros para a reposición e renovación do fondo bibliográfico do centro.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao programa integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.


PROGRAMAS E RECURSOS PARA A SENSIBILIZACIÓN, FORMACIÓN E PROMOCIÓN DA IGUALDADE E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- **Elaboración e difusión de materiais e recursos dirixidos a formar, informar e concienciar sobre a igualdade de oportunidades, a perspectiva de xénero e a prevención e o tratamento da violencia de xénero**
- **Impacto:** directo. Medida dirixida a introducir unha cultura de igualdade. Intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
- **Descrición:**
 - Elaboración de guías de información sobre recursos e medidas de prevención da violencia de xénero en varios idiomas.
 - Guías de prevención da violencia dirixidas á mocidade. “Guía conectamos ben?”
 - Campaña de sensibilización para favorecer un uso non sexista dos xogos e xoguetes
- **Obxectivos:** modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero, así como a prevención e a sensibilización en contra da violencia de xénero.
- **Estimación de persoas beneficiarias no ano 2021:** toda a poboación da cidade.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 4.200 €
- **Partida de gasto:** “edición publicacións” 2311 2260201
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: persoal técnico e administrativo da oficina de igualdade



ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

- Externo: para o deseño e produción dos materiais, a través de contratos de servizos e suministros con entidades especializadas.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao programa integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.
 - **Campañas de sensibilización e concienciación social a prol da igualdade de oportunidades, a prevención e ao rexeitamento da violencia de xénero**
- **Impacto:** directo. Medida dirixida a introducir unha cultura de igualdade. Intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
- **Descrición:** en colaboración co Consello Municipal de Mulleres, realízanse varias actividades e actos durante os meses de marzo e de novembro, para reivindicar os dereitos das mulleres e concienciar á sociedade fronte a violencia de xénero, con motivo da conmemoración do 8 de marzo e do 25 de novembro:
 - Conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres. Desenvólvense actividades tales como cinema, recital de poesía, actuacións musicais e teatrais, a concesión do premio de Igualdade “Ernestina Otero”...
 - Conmemoración do 25 de novembro, *Día Internacional contra a violencia de xénero*. Desenvólvense actividades ao longo do mes de outubro e novembro, tales como exposición de murais elaborados polo alumnado de secundaria nunha rúa céntrica da cidade, e o acto central Enlaza Vigo contra a violencia de xénero, que se realiza desde o ano 2012 e concentra á cidadanía e o alumnado de secundaria. Esta iniciativa recibiu no ano 2013 o Premio Nacional no II Concurso de Boas Prácticas Locais contra a violencia de xénero, convocado pola Delegación do Goberno para a violencia de xénero en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias.
 - Xornadas municipais contra a violencia de xénero e/ou dirixidas á comunidade educativa: xornadas cunha duración aproximadamente de 2 días, onde participan profesionais e persoas expertas na área da violencia de xénero.
 - Actividades e actos organizados ao longo do ano, dirixidos a fomentar unha cultura de igualdade, como concertos, actuacións teatrais, exposicións, carreiras populares, etc.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:51	Páxina 18 de 46
	Expediente 69/142	CSV: 2BE78F-45EB58-2D8B8C-29U75W-KGM7KR-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

- **Obxectivos:**
 - Modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
 - Concienciar aos medios de comunicación e á sociedade en xeral, principalmente ás novas xeracións, sobre a violencia de xénero.
 - Informar, formar e reflexionar acerca da problemática da violencia de xénero: causas, consecuencias, manifestacións, actuacións, recursos e programas de atención e tratamento integral e formas de intervención de cara a súa erradicación.
- **Estimación de persoas destinatarias no ano 2021:** a estimación faise tomando como referencia a participación nas distintas actividades en anos anteriores, se ben esta participación pode verse afectada pola situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19, e as medidas de prevención dos contaxios que é preciso adoptar.
 - “8 de marzo, *Día internacional das mulleres*”: o número de participantes nas actividades cada ano é aproximadamente de 1500 persoas, se ben a difusión e concienciación acada a maioría da cidade. Nestes actos colabora activamente o Consello da Muller e outras entidades: colectivos veciñais, comerciantes, xuvenís, educativos...
 - “25 de novembro, *Día internacional contra a violencia de xénero*”: desenvólvese cada ano no marco do programa “Enlaza Vigo contra a violencia de xénero”, a través da realización de distintas iniciativas dirixidas ao alumnado dos centros de ensino secundario. Cada ano participan ao redor de 40 centros (o ano 2018 foron 43, no 2019 38) e aproximadamente 2.000 mozas e mozos, que se implican a través da realización do todas ou algunha das súas actividades:
 - Exposición colectiva contra a violencia de xénero sobre lonas, colocadas nunha rúa céntrica da cidade. O ano 2019, foron colocadas na zona peonil do Calvario durante a semana do 18 ao 28 de novembro, e participaron 30 centros con máis de 40 lonas.
 - Acto central. Cada ano concéntranse ao redor de 2.000 escolares para a realización de actividades e un acto no que se visibilice a repulsa contra a violencia de xénero. No ano 2019 (último acto na data de sinatura deste informe), reuníronse 1.400 alumnos e alumnas de 25 centros no Auditorio Mar de Vigo, onde se realizaron actividades informativas e participativas propostas pola Concellería,



ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

exposicións de traballos e vídeos realizados polo alumnado participante, así como unha mostra de experiencias escolares relacionadas coa prevención da violencia de xénero que se están a desenvolver nalgúns centros de secundaria de Vigo.

- Xornadas técnicas formativas en torno a eliminación da violencia de xénero: cada ano asisten aproximadamente entre 100 e 150 persoas, das que habitualmente o 85 % son mulleres.
- Actividades realizadas ao longo do ano: dirixidas á poboación en xeral, e que teñen a finalidade de visibilizar, reivindicar, ou facer reflexionar acerca das desigualdades existentes e a necesidade de acadar unha igualdade de xénero. Estas actividades poden consistir en exposicións de pintura ou fotografía, concertos de música, obras de teatro, proxeccións de filmes, organización de carreiras populares, campamentos urbanos, conmemoración de outros días internacionais como o día da muller e a nena na ciencia, etc. Desde a Concellería de Igualdade, ademais, apóiase ao movemento feminista facilitándolle a distintas organizacións e plataformas a megafonía e servizo técnico necesario para a organización de manifestacións e concentracións que reivindicuen os dereitos das mulleres, a igualdade de oportunidades e/ou a repulsa da violencia de xénero.

A estimación das persoas destinatarias dependerá da capacidade de cada lugar onde teñan lugar, do tipo de actividade, etc. se ben polo xeral están pensadas para chegar a un gran número de persoas.

- **Gasto previsto no futuro exercicio: 73.967,00 €**
- **Partidas de gasto:** 3.000,00 € “Campañas contra a violencia de xénero” 2311 2260200; 14.740,00 € “Conmemoración 8 de marzo” 2311 2260601; 2.700,00€ “Charlas e conferencias” 2311 2260602; 43.527,00 € “Plan Municipal de Igualdade”; 10.000,00 € “outros programas de Igualdade” 2311 2279903
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: persoal técnico e administrativo da oficina de igualdade
 - Externo: a execución destes programas e actividades desenvólvense a través de contratos de servizos e subministros con entidades especializadas.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:51	Páxina 20 de 46
Expediente 69/142	CSV: 2BE78F-45EB58-2D8B8C-29U75W-KGM7KR-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

- **Programas dirixidos á comunidade escolar: “Camiña con nós pola igualdade”, obradoiros en institutos, etc**

Programa coeducativo: CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE

- **Impacto:** directo. Intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
- **Descrición:** Ofrece unha programación permanente nos centros educativos da cidade, desenvolvendo obradoiros temáticos dende a perspectiva de xénero, empregando unha metodoloxía lúdica e específica para cada franxa de idade, co obxecto de por en acción unha estratexia a medio e longo prazo dirixida a reflexionar e promover a igualdade entre sexos partindo dende a etapa evolutiva na que se conforman as identidades de xénero. Ofértase o programa ao alumnado de 6º de Educación Infantil, e 2º, 4º e 6º de Educación Primaria. Nos distintos obradoiros trátanse as seguintes temáticas.
- Os roles e estereotipos e deporte igualitario. Dirixido a 2º e 4º de educación primaria. Preténdese que o alumnado coñeza e reflexione sobre a historia das mulleres no ámbito deportivo, e reflectir unha imaxe positiva das deportistas actuais, diversificada, e con son referentes de éxito persoal, profesional e social.
- As mulleres na ciencia. Dirixido a 6º de Educación Primaria. Preténdese valorar e dar visibilidade e algunhas científicas, reflexionando sobre as súas traxectorias persoais, coñecendo as súas contribucións, etc.
- A publicidade sexista e uso non sexista de xogos e xoguetes. Dirixido a alumando de 4º de primaria. Preténdese que nenos e nenas tomen conciencia e adquiren unha visión crítica sobre o papel que xoga a publicidade na transmisión de roles e estereotipos tradicionalmente asignado a cada sexo de forma diferenciada.
- A responsabilidade compartida no fogar. Dirixido a 2º de primaria. Preténdese fomentar, desde idades moi temperás, un modelo de relación baseado na convivencia e o respecto mutuo, libre de roles sexistas.
- Micromachismos e prevención da violencia de xénero. Dirixido a alumnado de 6º de primaria. Perséguese promover un pensamento crítico do alumnado respecto das mensaxes que transmiten as cancións que escoitan e bailan, así como aprender a detectar, coñecer e clasificar as diferentes formas de violencia exercidas cara as mulleres e nenas, tanto a directa como a indirecta ou simbólica.



ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

- **Obxectivos:** fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos para promover a coeducación e previr a violencia de xénero.
- **Estimación de persoas beneficiarias no ano 2021:** no curso 2018/2019 participaron: 42 centros de ensino público da cidade cun total de 3.978 rapazas e rapaces. Durante os 15 anos de desenvolvemento do programa todos os centros públicos da cidade participaron nalgún momento nel. Estímase unha participación similar o vindeiro exercicio, se ben hai que ter en conta que a participación pode verse afectada pola situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19, e as medidas de prevención dos contaxios que é preciso adoptar.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 15.960,00 €
- **Partida de gasto:** 15.960,00 € con cargo á partida “Plan municipal de igualdade” 2311 2279906.
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: persoal técnico e administrativo da oficina de igualdade
 - Externo: entidades externas contratadas pola Concellería de Igualdade, para o desenvolvemento do programa.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

Obradoiros de prevención da ciberviolencia e da violencia de xénero entre a mocidade

- **Impacto:** directo. Intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
- **Descrición:** obradoiros que se realizan en horario lectivo e están dirixidos ao profesorado e ao alumnado de 4º da ESO, 1º e 2º de bacharelato e ciclos de Formación profesional dos centros de ensino da cidade, traballándose os seguintes contidos: análise dos estereotipos de xénero, machismo e homofobia nos contidos de audiovisuais e culturais; identificar os cánones da beleza preestablecidos e a presión sobre o corpo que estes cánones representan; detección da sexualización e a obxetivización do corpo feminino das imaxes que encontramos na rede; cuestionar o acoso, o control e a violencia que vivimos nas



ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

redes sociais; reflexión sobre o consentimento e as violencias sexuais; aportar claves de empoderamento e crecemento persoal.

A área de Igualdade sufraga o gasto do transporte á actividade para que non repercuta na economía das familias.

- **Obxectivos:** prever e identificar a violencia sexista entre a mocidade, análise crítico dos contidos que a mocidade atopa nas redes, promover relacións afectivas baseadas no respecto mutuo e na igualdade, facer un bo uso das redes sociais.
- **Estimación de persoas beneficiarias no ano 2021:** durante 2019 desenvolvéronse obradoiros nos que participaron 23 centros de ensino secundario e 1.400 alumnas e alumnos, polo que se estima unha participación similar para o ano 2021, se ben hai que ter en conta que a participación pode verse afectada pola situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19, e as medidas de prevención dos contaxios que é preciso adoptar.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 4.810,00 €
- **Partida de gasto:** “Plan municipal de igualdade” 2311 2279906
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: persoal técnico e administrativo da oficina de igualdade
 - Externo: contrato de servizos con entidade especialista no eido da igualdade de xénero
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista. Os contidos do programa están dirixidos a desbotar unha imaxe estereotipada de homes e mulleres.

Programa de información, formación e prevención da violencia sexual na mocidade. “A violencia sexual na xuventude. Infórmate!”

- **Impacto:** directo. Intervencións destinadas a modificar valores, ideas, crenzas e prácticas que permitan o cambio de roles e estereotipos sociais que reproducen as discriminacións de xénero.
- **Descrición:** exposición itinerante dirixida a sensibilizar na prevención da violencia sexual entre mozos e mozas. A Concellería de Igualdade cede esta exposición por un período de 20 días aos centros de ensino secundario da cidade e distribúe folletos coa explicación dos contidos da exposición.



ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

- **Obxectivos:** ofrecer información á mocidade que permita identificar e recoñecer situacións de violencia e control, reflexionar acerca das formas de relacionarnos e promover a solidariedade coas persoas que estean sufrindo estas situacións así como ofrecer información acerca de recursos de axuda e atención.
- **Estimación de persoas beneficiarias no ano 2021:** no curso 2018-2019, a exposición percorreu 7 centros de ensino secundario, así como a casa da xuventude e a casa das mulleres, participando ata 5.000 mozas e mozos. Ademais, cada ano elaboráronse folletos con toda a información da exposición, que se reparten nos centros de educación secundaria da cidade. Este ano a participación pode verse afectada pola situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19, e as medidas de prevención dos contaxios que é preciso adoptar.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 2.904 €
- **Partidas de gasto:** “Plan municipal de igualdade” 2311 2279906
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: persoal técnico e administrativo da oficina de igualdade
 - Externo: mediante contratos de servizos con entidades especializadas.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao programa integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista. Os contidos do programa están dirixidos a desbotar unha imaxe estereotipada de homes e mulleres.

REPARACIÓNS E MANTEMENTO DOS SERVIZOS ADSCRITOS

• **Descrición:** O gasto do capítulo 21 do orzamento da área de Igualdade destínase a realizar as reparacións e as tarefas de mantemento necesarias nos servizos exteriores adscritos á área de Igualdade co obxecto de manter os recursos sociais que se ofrecen ás usuarias coa debida calidade e de acordo coa normativa vixente.

• **Impacto:** indirecto. Estes gastos non repercuten directamente nos obxectivos da igualdade de xénero nin están dirixidos directamente ás mulleres da cidade. Non obstante, estes gastos están dirixidos a mellorar e manter os servizos e programas de impacto directo.

• **Persoas beneficiarias:** a totalidade das persoas beneficiarias dos distintos recursos e dispositivos dependentes da Concellería de Igualdade.

• **Gasto previsto no futuro exercicio:** 9.370 €



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

. **Partidas:** 3.000€ “reparacións e mantemento edif. Adscritos” 2311 2120000; 540€ “mantemento e reparación calefacción casa acollida” 2311 2130000; 540€ “reparacións eléctricas” 2311 2130001; 1.700€ “reparación maquinaria instalacións” 2311 2130003; 3.100€ “mantemento reparacións CIM” 2311 2190000; 490€ “mantemento extintores” 2311 2190001; 540,00€ “mantemento de alarmas” 2311 2279904.

Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo:

Este plan de igualdade estase a realizar en colaboración coa Concellería delegada de Recursos Humanos.

- **Impacto:** directo. Trátase de accións destinadas a xerar cambios na xestión pública municipal que dean o soporte necesario ás políticas de igualdade.
- **Descrición:** trátase de implantar no Concello de Vigo un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar un diagnóstico de situación, tendentes a alcanzar na organización municipal a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo. Actualmente, este Plan atópase na fase de negociación. Ata o momento tiveron lugar seis sesións da Mesa Sectorial, se ben é preciso continuar cos traballos e sesións que permitan valorar as propostas presentadas, a negociación do contido do Plan e a planificación específica deste para rematar coa aprobación do documento final do Plan de Igualdade a través do acordo da Mesa.
- **Obxectivos:**
 - Mellorar o coñecemento da organización municipal para contribuír a mellorar o seu funcionamento.
 - Eliminar os desequilibrios e desigualdades no acceso, participación e desenvolvemento das mulleres e homes na organización.
 - Asegurar que todos os procesos de xestión (comunicación, calidade, prevención de riscos, etc.) e moi especialmente, os procesos de xestión de persoal, se realizan de acordo ao principio de igualdade de trato e oportunidades.
 - Dar cumprimento á normativa vixente en materia laboral, que obriga ás empresas de máis de 250 traballadoras e traballadores, así como ás Administracións Públicas, a contar cun Plan de Igualdade para o seu persoal. (Lei orgánica 2/2007, de 22 de marzo



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
 IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
 PARA O EXERCICIO 2021**

para a igualdade efectiva entre mulleres e homes e Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do/a Empregado/a Público/a).

- Dar cumprimento ao propio compromiso desta administración, asumida mediante Resolución do día 19 de xullo de 2016, do Alcalde do Concello de Vigo.
- **Persoas destinatarias:** todo o persoal municipal.

No que respecta ao gasto desta Concellería:

- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 3.000,00 €

Partida de gasto: 1.080 €, “Estudos e traballos técnicos” 2311 2270601; 1.920,00 “Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades” 2311 2279906

- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: xefa de departamento, en coordinación co persoal funcionario interino contratado para o programa, que depende presupostariamente do departamento de Recursos Humanos, e organicamente do Departamento de Recursos Humanos e do Departamento de Igualdade. Este persoal está formado por unha técnica de xestión e unha auxiliar administrativa.
 - Externa: o desenvolvemento da negociación e a elaboración do Plan lévase a cabo a través da Mesa Sectorial de Negociación, co apoio da asesoría dunha auditoría externa, contratada mediante contrato externo de servizos.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao programa integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES

Partidas: 4539000; 4800000; 4890000; 4890004;

Crédito previsto no anteproxecto de orzamentos: 427.518,64 €

- **CEMVI. Centro de emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero**
- **Impacto:** directo. Medida focalizada en mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas delas dependentes.
- **Descrición:** centro residencial de aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e ás seus fillos ou fillas ou persoas que delas dependan, que se atopen nunha situación de violencia de xénero. Garántelles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa



ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

situación, se inicia o tratamento ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado. Duración estimada de estancia: 3 meses.

O servizo está xestionado polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar (Xunta de Galicia), a través do convenio asinado co Concello de Vigo o día 21.11.2008 (e maila adenda asinada o 19.12.2014) mediante o cal, o Concello fai unha achega económica anual de 241.000,00€ e a cesión do inmovible. A Xunta de Goberno Local, na sesión do 15.11.2018 aproba unha prórroga do convenio asinado o 21.11.2018, con duración ata o 01.10.2019. En data 26.09.2019, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aproba a proposta dun novo “Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo para o desenvolvemento da xestión do Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero para o período 2019-2023”, mediante o cal o Concello comprométese a facer unha achega económica anual de 241.000,00€ e a cesión do inmovible.

- **Obxectivos:**
 - Protexer á muller e á súa prole e/ou persoas dependentes con vínculo afectivo, ofrecéndolles un espazo seguro e inmediato que evite novos episodios de malos tratos.
 - Proporcionar unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade diante unha situación de crise ou emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor.
 - Ofrecer un espazo temporal e os apoios profesionais nas áreas persoal, familiar, psicolóxica, xurídica e social integral para favorecer a toma de decisións.
 - Facer visible socialmente e na comunidade o problema da violencia de xénero e denunciar a inxustiza social que supón a violencia de xénero.
 - Favorecer a adquisición de independencia e autonomía persoal das mulleres, ofrecendo os recursos oportunos ó seu momento vital e contribuír á súa total recuperación.
 - Facer unha efectiva coordinación de recursos e lograr unha detección de casos e unha intervención máis áxil e eficiente.
- **Estimación de beneficiarias no ano 2021:** o centro dispón de 20 prazas. Durante o ano 2019 ingresaron no centro 48 mulleres e 43 menores: 16 nenas e 27 nenos, se ben en total foron atendidas ata 57 mulleres e 52 menores, 21 nenas e 31 nenos. Estímase un número similar no vindeiro exercicio, aínda que esta estimación pode verse afectada pola situación de crise sanitaria xerada pola COVID-19.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 241.000,00 € (achega económica convenio)
- **Partida de gasto:** 241.218,64 € “Centro de Emerxencia” 2311 4539000




Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:51	Páxina 27 de 46
Expediente 69/142	CSV: 2BE78F-45EB58-2D8B8C-29U75W-KGM7KR-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

- **Total presupostado:** o Concello fai unha achega anual de 241.000 €
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: A coordinación co centro realízase a través da xefa do departamento, e mediante reunións periódicas co equipo técnico do CMIDM e do CEMVI.
 - Externo: o centro é xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Xunta de Galicia), e conta co seguinte persoal que depende directamente do Consorcio: 1 directora, 1 traballadora social, 3 educadoras sociais, 1 asesora xurídica a tempo parcial, 1 psicóloga e 3 traballadoras de servizos xerais.
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao servizo integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

Promoción da igualdade e do deporte feminino. Crédito : 136.000 €

- **Impacto:** directo. Trátase de medidas focalizadas en mulleres dirixidas a reducir as brechas de xénero e fomentar a súa participación, visibilización e empoderamento.
- **Descrición:** subvencións dirixidas a fomentar a participación feminina, con dúas liñas:
 - **Liña de Subvencións dirixidas ao fomento do asociacionismo feminino:** concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro (asociacións de mulleres, veciñais, sindicais, etc) constituídas legalmente como tales, para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres.
 - **Obxectivos:** apoiar o asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero e o fomento da participación social. En concreto:
 - Fomentar e apoiar o desenvolvemento de proxectos en materia de igualdade, prevención da violencia de xénero, atención á diversidade e promoción da saúde e benestar das mulleres.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:51	Páxina 28 de 46
	Expediente 69/142	CSV: 2BE78F-45EB58-2D8B8C-29U75W-KGM7KR-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

- Potenciar o asociacionismo feminino e a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- Favorecer actividades de investigación, educativas ou culturais encamiñadas a poñer en valor a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.
- Facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres.
- Favorecer a formación das mulleres, e a visibilización das vogalías de mulleres das asociacións veciñais.
- Incrementar a calidade de vida das mulleres a través da oferta dun tempo e espazo propio.
- **Estimación de beneficiarias para o ano 2021:** na última convocatoria, que corresponde ao exercicio 2020, foron beneficiarias 43 entidades.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 91.000,00 €
- **Partida de gasto:** “Promoción da igualdade e do deporte feminino” 2311 4890000
- **Liña de Subvencións dirixidas á promoción do deporte feminino:** subvencións as actuacións das federacións e clubs deportivos do municipio de Vigo, co fin de promocionar, facilitar e incrementar a participación feminina en todos os ámbitos do deporte, de maneira complementaria á que ata agora se viñese desenvolvendo nos programas deportivos xerais
 - **Obxectivos:** Promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas. En concreto:
 - Promover o acceso, permanencia e promoción das nenas e mulleres nas prácticas deportivas.
 - Apoiar economicamente aos clubs e ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas.
 - Visibilizar e corrixir a segregación horizontal e vertical da participación das mulleres e nenas no deporte.
 - Promover que se produza un aumento da repercusión nos medios sobre a participación das mulleres e nenas nas prácticas deportivas.



ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”) PARA O EXERCICIO 2021

- **Estimación de beneficiarias no ano 2021:** na última convocatoria, que corresponde ao exercicio 2020, foron beneficiarias 85 entidades deportivas, que contaban nese momento cun total de 4.182 licencias deportivas femininas.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 45.000,00 €
- **Partida de gasto:** “Promoción da igualdade e do deporte feminino” 2311 4890000
- **Revisión da linguaxe:** toda a documentación asociada a estas dúas liñas de subvención específica integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista. Ademais, o emprego dunha linguaxe e imaxe non sexista polas entidades subvencionadas é unha obriga esixida nas bases da convocatoria de subvencións.
 - **Convenio de colaboración coa Asociación Rede de Mulleres contra os Malos tratos**
 - **Impacto:** directo. Focalizado en mulleres.
 - **Descrición:** o obxecto deste convenio é apoiar á asociación nos labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e na formación continua das mediadoras da Rede que realizan os ditos acompañamentos. Asemade, tamén se inclúen os proxectos que a entidade realiza nas seguintes liñas de traballo con mulleres vítimas de violencia de xénero: apoio e acompañamento a mulleres en procesos de violencia; reincorporación psicosocial; formación; concienciación; prevención e denuncia social.
 - **Obxectivos:**
 - Mellorar a atención integral das mulleres (e persoas delas dependentes) en situación de violencia de xénero.
 - Establecer redes de colaboración con asociacións de mulleres que traballan a prol da igualdade, e especialmente na loita contra a violencia de xénero.
 - Formar, informar e previr á cidadanía sobre a violencia de xénero.
 - Visibilizar e concienciar socialmente sobre a situación na que se atopan as mulleres (e persoas delas dependentes) vítimas de violencia de xénero.
 - **Estimación de beneficiarias no ano 2021:** durante o ano 2019 (último exercicio pechado), foron atendidas pola Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos 232 mulleres, realizaron 950 intervencións e 86 acompañamentos, polo que se estima que a cifra sexa similar no futuro exercicio.



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 30.300,00 €
- **Partida de gasto:** “convenio asoc. Rede mulleres contra malos tratos” 2311 4890004
- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao programa integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.
 - **Axudas económicas a mulleres vítimas de violencia de xénero**
- **Impacto:** directo. Focalizado en mulleres.
- **Descrición:** outorgamento das axudas directas de carácter non periódico para mulleres vítimas de violencia de xénero
- **Obxectivos:** apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e que non poidan ser cubertas pola beneficiaria. En concreto:
 - Mellorar a situación socioeconómica das mulleres vítimas de violencia de xénero e das persoas que están ao seu cargo.
 - Mellorar a atención integral que a administración municipal presta ás mulleres (e persoas delas dependentes) en situación de violencia de xénero.
 - Visibilizar e concienciar socialmente sobre a situación na que se atopan as mulleres (e persoas delas dependentes) vítimas de violencia de xénero.
- **Conceptos da axuda:** alugueiro, manutención, traslado de seguridade....
- **Estimación de beneficiarias no ano 2021:** 54 mulleres en situación de violencia de xénero foron beneficiarias destas axudas no ano 2019 (último exercicio pechado), polo que se estima un número de beneficiarias similar no exercicio 2021.
- **Gasto previsto no futuro exercicio:** 20.000,00 €
- **Partida de gasto:** “bolsas económicas” 2311 4800000
- **Total persoal responsable asignado ao programa:**
 - Municipal: traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, supervisión da xefa de departamento e apoio administrativo do persoal da área de igualdade.



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

- **Revisión da linguaxe non sexista:** toda a documentación asociada ao programa integra unha linguaxe e imaxe inclusiva e non sexista.

OBSERVACIÓNS: para un maior coñecemento da traxectoria e impacto dos programas e actividades realizadas durante os 11 últimos anos, incorpórase como anexo a este informe o documento “Balance 2008/2019 da Concellería de Igualdade”, que recolle as accións máis salientables da Concellería.


Vigo, na data da sinatura dixital

A axente de Igualdade de oportunidades; Mar Soto García

A xefa do servizo de Igualdade; Cristina Gómez García

CONFORME:

A concelleira delegada de Igualdade; Eugenia D. Blanco Iglesias

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/11/2020 10:51	Páxina 32 de 46
	Expediente 69/142	CSV: 2BE78F-45EB58-2D8B8C-29U75W-KGM7KR-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021

**CONCELLO
DE VIGO**



BALANCE

2008 - 2019

CONCELLERÍA DE IGUALDADE



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DAS MULLERES

<i>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</i>		
CMIDM	CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER	
ANO	Nº DE MULLERES ATENDIDAS	Nº DE CONSULTAS REALIZADAS
2008	1.027	6.089
2009	957	5.585
2010	1.108	3.912
2011	989	3.700
2012	1.175	3.440
2013	1.151	3.126
2014	1.305	4.956
2015	1.152	4.717
2016	1.081	3.741
2017	1.016	4.135
2018	1.079	4.546
2019	1.057	4.308
TOTAIS	13.097	52.255

No 2017, a Rede de información e atención a vítimas de violencia de xénero no Concello de Vigo, consegue o Premio Nacional no Concurso de Boas Prácticas Locais Contra a Violencia de Xénero, convocado pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

**PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MENORES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE
XÉNERO**

<i>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</i>			
PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MENORES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO			
ANO	Nº DE MENORES PARTICIPANTES	Nº DE NENAS	Nº DE NENOS
2008	<i>Este programa iniciouse no ano 2010</i>		
2009			
2010	15	7	8
2011	48	22	26
2012	49	26	23
2013	58	23	35
2014	48	26	22
2015	45	17	26
2016	78	40	38
2017	79	39	40
2018	73	36	37
2019	75	50	47
TOTAL	568	286	302



ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021

REDE DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

CONCELLERÍA DE IGUALDADE
REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO DESDE O ANO 2009
Integrada por 3 pisos de protección cun total de 15 prazas. Estas vivendas son centros de servizos sociais, recoñecidos e autorizados pola administración autonómica.
Dende o ano 2009 ata o ano 2019, por tanto, ocuparon as vivendas 30 unidades de convivencia. Total de persoas, entre mulleres e nenas/os: 69 persoas.



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 "Igualdade de xénero")
PARA O EXERCICIO 2021**

SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA

<i>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</i>			
SADI	SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA		
ANO	Nº SERVIZOS PRESTADOS	Nº DE MULLERES BENEFICIARIAS	Nº MENORES BENEFICIARIAS/ S
2008	3.520	63	89
2009	3.029	71	105
2010	3.456	70	99
2011	2.458	57	80
2012	3.177	67	106
2013	3.399	66	90
2014	2.576	67	102
2015	3.701	71	103
2016	3.000	64	98
2017	3.557	72	105
2018	4.079	76	118
2019	3.715	73	97
TOTAIS	35.952	817	1.192



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

CASA DAS MULLERES

<i>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</i>	
CASA DAS MULLERES	SERVIZO UBICADO NA RÚA ROMIL NÚMERO 20
ANO	Nº DE PERSOAS PARTICIPANTES NAS DISTINTAS ACTIVIDADES
2008	2.803
2009	2.549
2010	2.643
2011	4.239
2012	4.564
2013	5.634
2014	4.670
2015	3.880
2016	3.350
2017	2.944
2018	3.428
2019	3.603
TOTAIS	44.307



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS

<i>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</i>	
CDRF	CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DE VIGO
ANO	Nº DE PERSOAS QUE VISITARON CENTRO E PARTICIPANTES NAS DISTINTAS ACTIVIDADES
2008	<i>Este servizo creouse en marzo do ano 2010.</i>
2009	
2010	637
2011	939
2012	891
2013	876
2014	634
2015	766
2016	708
2017	696
2018	524
2019	1.160
TOTAIS	7.831



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

ENLAZA VIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

<i>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</i>	
“ENLAZA VIGO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”	Campaña de concienciación ao alumnado sobre a violencia de xénero
ANO	Nº DE ALUMNADO PARTICIPANTE NO ACTO CENTRAL
2011	1.300
2012	1.573
2013	1.800
2014	1.900
2015	1.944
2016	2.186
2017	1.938
2018	2.014
2019	1.400
TOTAIS	16.055



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 "Igualdade de xénero")
PARA O EXERCICIO 2021**

CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE

<i>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</i>		
CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE	<i>Programa Coeducativo dirixido ao Alumnado de Infantil e de Primaria de Centros de Ensino Público da cidade</i>	
ANUALIDADE	Nº DE CENTROS DE ENSINO PÚBLICO PARTICIPANTES	Nº ALUMNADO PARTICIPANTE
CURSO 2008 / 2009	30	2.763
CURSO 2009 / 2010	35	2.622
CURSO 2010 / 2011	42	3.183
CURSO 2011 / 2012	39	3.998
CURSO 2012 / 2013	42	4.557
CURSO 2013 / 2014	45	4.326
CURSO 2014 / 2015	41	3.800
CURSO 2015 / 2016	46	4.294
CURSO 2016 / 2017	44	4.414
CURSO 2017 / 2018	45	4.148
CURSO 2018/2019	42	3.978
TOTAIS		42.083



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 "Igualdade de xénero")
PARA O EXERCICIO 2021**

OBRADOIROS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

<i>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</i>			
ANO	NOME DO OBRADOIRO	Nº DE CENTROS DE ENSINO	Nº ALUMNADO PARTICIPANTE (Alumnado de ESO, 1º e 2º Bacharelato e FP)
2012 A 2015	ENREDÁMONOS NAS REDES? A CIBERVIOLENCIA SEXUAL NA MOCIDADE: Infórmate e non dubides en rexeitala!	37	3.491
2016	CONECTAMOS BEN?.MOZOS E MOZAS QUE SE TRATAN BEN E DE =A =	36	2.570
2017	CONECTAMOS BEN?.MOZOS E MOZAS QUE SE TRATAN BEN E DE =A =	22	1.300
2018	MOZAS E MOZOS CAMBIANDO ESTEREOTIPOS	27	1.700
2019	MOZAS E MOZOS CAMBIANDO ESTEREOTIPOS	23	1.400
TOTAL			10.461



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 “Igualdade de xénero”)
PARA O EXERCICIO 2021**

EXPOSICIÓN ITINERANTE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA SEXUAL NA XUVENTUDE

**EXPOSICIÓN ITINERANTE “ A VIOLENCIA SEXUAL NA XUVENTUDE. INFÓRMATE” (Iniciada en
Xaneiro 2016)**

Actividade de información e sensibilización na prevención e da violencia sexual entre mozas e m
ao alumnado de secundaria, bacharelato e formación profesional dos centros de ensino secundari
A exposición cédese por un período de 20 días aos centros que o soliciten e consta de **10 paneis
expositivos**:

Panel 1: Título e información institucional.

Panel 2: Que é a Violencia Sexual?

Panel 3: Tipos de Violencia Sexual máis frecuentes.

Panel 4: Consecuencias.

Panel 5: Sufriches Violencia Sexual?

Panel 6: Como podemos axudar?

Panel 7: Exerciches violencia sexual?

Panel 8: A violencia de xénero é...

Panel 9: Quérete!. Decide con liberdade sobre a túa vida e sobre as túas relacións.

Panel 10: Quérete!. Decide con liberdade, vive en igualdade.

Ademais elaboráronse 20.000 folletos con toda a información da exposición.

DATOS DE PARTICIPACIÓN 2016 – 2019

	Nº CENTROS ENSINO SECUNDARIO	Nº ALUMNADO PARTICIPANTE
DE XANEIRO 2016 A XUÑO 2016	11	6.000 mozas e mozos
DE OUTUBRO 2016 A XUÑO 2017	12	6.800 mozas e mozos
DE OUTUBRO 2017 A XUÑO 2018	13	7.000 mozas e mozos
DE OUTUBRO 2018 A XUÑO 2019	7	5.000 mozas e mozos



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 "Igualdade de xénero")
PARA O EXERCICIO 2021**

CENTRO DE EMERXENCIA

<i>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</i>			
CEMVI	CENTRO EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (*)		
ANO	Nº DE MULLERES	Nº DE MENORES	TOTALS
2009	43	39	82
2010	45	39	84
2011	40	20	60
2012	52	44	96
2013	48	31	79
2014	62	44	106
2015	67	33	100
2016	58	49	107
2017	62	42	104
2018	54	39	93
2019	48	43	91
TOTALS	531	423	1.002

(x) XESTIONADO POLO CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR (XUNTA DE GALICIA)	
ACHEGA MUNICIPAL NOS ANOS 2009 A 2013	266.000 euros/ano
ACHEGA MUNICIPAL ANOS 2014-2015- 2016-2017-2018-2019-2020	241.000 euros/ano



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 "Igualdade de xénero")
PARA O EXERCICIO 2021**

SUBVENCÍONS A ENTIDADES

CONCELLERÍA DE IGUALDADE		
LIÑA: subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e /ou actividades de promoción das mulleres		
ANOS	Nº DE ENTIDADES	CRÉDITO
2008	48	78.000,00 €
2009	42	80.000,00 €
2010	43	90.000,00 €
2011	47	90.000,00 €
2012	57	73.500,00 €
2013	61	64.000,00 €
2014	55	64.000,00 €
2015	54	68.000,00 €
2016	49	81.100,00 €
2017	56	64.000,00 €
2018	52	46.000,00 €
2019	51	46.000,00 €
2020	45	91.000,00 €
TOTAL		935.600,00 €

LIÑA: subvencións a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino.		
ANOS	Nº DE ENTIDADES	CRÉDITO
2017	58	27.000,00 €
2018	67	45.000,00 €
2019	77	45.000,00 €
2020	84	45.000,00 €
TOTAL		162.000,00 €



**ANÁLISE DO IMPACTO DE XÉNERO DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS DA CONCELLERÍA DE
IGUALDADE (programa 2311 "Igualdade de xénero")
PARA O EXERCICIO 2021**

AXUDAS ECONÓMICAS A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

<i>CONCELLERÍA DE IGUALDADE</i>		
BOLSAS AXUDAS ECONÓMICAS	AXUDAS ECONÓMICAS PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	
ANO	Nº DE MULLERES BENEFICIARIAS DA AXUDA	CONTÍA TOTAL DAS AXUDAS CONCEDIDAS
2009	15	9.284,31 €
2010	33	7.244,48 €
2011	41	5.399,50 €
2012	29	6.808,00 €
2013	47	9.781,96 €
2014	45	9.779,00 €
2015	38	9.998,95 €
2016	24	7.239,00 €
2017	31	10.074,00 €
2018	32	13.558,00 €
2019	54	18.085,00 €
TOTAIS	389	107.252,20 €

